

15/2020. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 30 SETEMBRO DE 2020.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 30 de setembro do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dña. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dña. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dña. María del Pilar Díaz Otero, D. Iván Martínez González, Dña. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dña. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal Dña. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretaria, en réxime de acumulación, a funcionaria, Dña. Marta Vázquez Garea, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 11.09.2020.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 29.07.2020 (9/2020), 31.07.2020 (10/2020), 19.08.2020 (11/2020) E 26.08.2020 (12/2020).

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 29.07.2020 (9/2020).

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 31.07.2020 (10/2020).

O Pleno da Corporación, coa abstención da concelleira Marta Ruiz del Ganso, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 19.08.2020 (11/2020).

E o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 26/08/2020 (12/2020)

INCIDENCIA: Faise constar que a intervención do Alcalde, no presente punto da orde do día, non se transcribe, por non estar gravado.

2.- RECTIFICACIÓN 17ª DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS E REFUNDIDO DAS RECTIFICACIÓNS 1ª Á 17ª, AMBAS INCLUSIVE.

Sometida a votación a aprobación do expediente de rectificación 17ª do inventario de bens municipais e refundido das rectificacións 1ª á 17ª, ambas inclusive, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 11.09.2020 así como o informe emitido polo secretario da corporación, obrantes no expediente, e tendo en conta, así mesmo, o dictame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 16.09.2020, por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Aproba-la rectificación 17ª do inventario de bens, incorporando e dando de baixa os bens, no seu caso, dereitos e obrigas que se teñen producido dende a última rectificación aprobada polo Concello Pleno na sesión celebrada o día 22.02.2019, según propostas pechadas a día 31.12.2019, tal e como figura nos anexos que de seguido se indican e que integran a rectificación 17ª ao inventario de bens municipais:

- Altas no inventario municipal do 01.01.2018 a 31.12.2019.
- Baixas no inventario municipal do 01.01.2018 a 31.12.2019.

2º.- Prestar aprobación ao inventario refundido comprensivo das rectificacións 1ª á 17ª do inventario de bens municipais, tal como figura no expediente.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, ao abeiro do establecido no artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locales de 13 de xuño de 1986, remitíndolles copia da devandita rectificación, debidamente dilixenciada polo Secretario do Concello.

INCIDENCIA: Faise constar que a intervención do Alcalde, no presente punto da orde do día, non se transcribe, por non estar gravado.

3.- MOCIÓN DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG, SOBRE PROCURA DE SOLUCIÓN PARA FACER POSIBLE A INCORPORACIÓN AO COMEDOR ESCOLAR DE ALUMNOS EXCLUÍDOS POR SOLICITAR A XORNADA EN DÍAS SOLTOS.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do PSDG-PSOE, coa emenda presentada polo Grupo de Goberno, sobre a procura de solución para facer posible a incorporación ao comedor escolar de alumnos excluídos por solicitar a xornada en días soltos, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1º Instar o Goberno Municipal, mediante o apoio plenario desta moción, a buscar solucións, a maior brevidade, facendo posible a incorporación destes alumnos que quedaron excluídos.

2º Iniciar os trámites de modificación do regulamento escolar municipal do comedor escolar, para facer as adaptacións que sexan necesarias, para intentar incluír ás persoas que teñen días soltos, nas mellores condicións.

DELIBERACIÓNS

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto terceiro, que é a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre procura de solución para facer posible a incorporación ao comedor escolar de alumnos excluídos por solicitar a xornada en días soltos. A relatora da moción.

Sra. Ruiz del Ganso: Boas tardes, vale, bueno, nós presentamos esta moción porque con motivo do inicio do curso estanse pondo en marcha os comedores escolares, publicada a listaxe provisional, puidemos observar que quedaron fora de este servizo unha serie de nenos que por non solicitar a xornada completa, cando isto non era ningún motivo de exclusión, e agora vense na situación de que non poden conciliar a súa vida familiar coa laboral, cando por puntuación si que lle correspondía. Cando se publicou no DOG do 28 de agosto, no que se aprobaban as medidas de prevención fronte ao COVID para os centros educativos no curso 2020-2021, dise que é fundamental o papel dos comedores, e que é prioritario o mantemento de este servizo e a necesidade de implantar as medidas para cumprir as normas de distancia e hixiene, e por isto polo que, instamos ao goberno municipal a buscar unha solución, a maior brevidade, facendo posible a incorporación destes alumnos que quedaron excluídos.

Sr. Alcalde (que traducido di) Bueno, pois abrimos un turno de intervencións. Palabras?. Primeiro turno, pois Ana Varela pediu o turno. Ana.

Sra. Varela Bastida (que traducido di): Escoitáseme ben? Si. Vamos a ver, aquí falase de conciliación e eu quería en primeiro lugar explicar que o comedor non é un servizo de conciliación, senón que é un complemento educativo. Vou empezar polo DOG nº 62 do 30 de marzo, onde a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional establece unhas bases reguladoras de axudas de carácter directo ás familias de alumnado de comedor escolar nos centros públicos non universitarios. Aquí menciona... se menciona o carácter social da normativa de comedores escolares en atención á renda das familias... e... ocasiona que cerca do 75% de os usuarios do comedor teñan a condición de usuario gratuíto, o cal quere dicir que non predomina a conciliación. E... a presente Orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras a unha liña de axudas as familias de alumnado que ostentan a condición de gratuíto, e que por renda familiar resulta pagador de 1 euro nos centros educativos, bueno, vén máis explicado, e... entendéndose que o comedor está pensado máis para alumnos en situación vulnerable. Na Lei Orgánica do 2/2006 do 3 de maio de Educación, establécese e defínese os deberes das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como o transporte e os comedores escolares, como servizos educativos complementa... educativos, os comedores escolares. A referida norma contempla o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario, que ademais de servir á administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenrola unha destacada

función social e educativa. Ademais está o DOG 154 no que tamén fai referencia a todo isto, non o vou ler, porque vén a dicir practicamente o mesmo, por exemplo no artigo 80 do 154... do DOG 154 di que as políticas de educación compensatoria reforzaran a relación do sistema educativo, de forma que se eviten desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou de outra índole. Bueno hai máis... teño máis... e... DOG's que recollen todo isto. E... ao que quero chegar é que aquí falase da conciliación e no comedor non se recolle explicitamente que... que se faga un servizo de conciliación. No.... no regulamento do comedor escolar de Unión Mugardeza fai fincapé tamén en este uso, e aí tamén nomea que pode axudar á conciliación, nomease, no regulamento que... que temos actualmente. Parece que nos levantamos e dixemos, bueno pois e que imos a dicir que as persoas... os alumnos de días soltos non veñan, isto fíxose en base a un protocolo, a un protocolo no que, o Secretario por exemplo, aquí no informe dinos como conclusión que o uso do comedor quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado nas condicións que establecen nas mesmas, dependendo da súa capacidade, das medidas que se adopten, ou sexa posible adoptar, e nas establecidas nas citadas instrucións. Un dos requisitos era que os nenos estiveran sempre nun sitio fixo, e con unha distancia de 1,5 metros, e iso foi o que fixemos, porque ao principio ademais, tínhamos, que se lle dixo a... á apareladora que fixera máis ou menos co aforo que había, e daba 19 prazas, e temos 31 nenos, isto o que se fixo agora e de deixar de días soltos está baseado, non en ocorrencias, senón en informes, entendendo que efectivamente, aínda que non é, non é a parte primordial o servizo educativo, o comedor escolar, perdón, é un servizo ou pode axudar a ser un servizo de conciliación, estamos atraballar niso. De feito hai un informe, despois de saír o último protocolo, hai un informe da psicóloga que é a que leva o comedor escolar, no que di que con mamparas poderíamos incluír a todos os alumnos. Non se deixou nunca de traballar para poder incluír a todos os alumnos, pero cos protocolos que tínhamos ao principio, e non somos o único caso, porque o 23 de setembro, en Ferrol, tiñan o mesmo problema cos días soltos, exactamente o mesmo problema, porque había os mesmos protocolos, e en Pontevedra exactamente o mesmo, as ANPAS non querían facerse cargo, porque existía este protocolo. Como os protocolos se van modificando, e saen, bueno, pois case non vou dicir cada semana, pero case, nós fómolos adaptando, e agora estase traballando en poder incluír coa axuda das mamparas, esperamos que no segundo semestre poidan estar todos incluídos, por iso se tomaron... se toman esas medidas, porque metendo aos do mes completo era como mellor se podía aproveitar o comedor escolar para a función que ten. Entón, apoiamos o que está a dicir o PSOE, o que está pedindo, pero ademais con unha emenda, a de modificar o regulamento, xa que o regulamento tampouco puntúa, aínda que si o nomea, o da conciliación, o que máis puntúa é vivir en Mugaridos, e a seguinte maior puntuación dáse as persoas vulnerables, ás persoas que si necesitan ir a ese comedor, entón creemos que o regulamento necesita unha modificación profunda, entón apoiariamos esta moción, con esta emenda.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, entendendo, creo que dixeches 2º semestre, creo que quixeches dicir 2º trimestre.

Sra. Varela Bastida (que traducido di): Perdón, si, se o dixen, si... si.

Sr. Alcalde (que traducido di): 2º trimestre, entón sería a partir das vacacións de Nadal, incluír no 2º trimestre do curso esas adaptacións con unha modificación do regulamento, non,

é así, bueno, entón, bueno, en todo caso, parece que hai unha petición de emenda que sería incluír na moción esa... ese seguinte punto, punto 2º que sería pois iniciar os trámites de modificación do regulamento orgánico municipal, perdón do regulamento escolar municipal do comedor escolar, para facer as adaptacións que sexan necesarias para intentar incluír ás persoas que teñen días soltos, nas mellores condicións, bueno, esa creo que foi a emenda, entón pois abrimos un segundo turno, segundo turno, José Angel, Gemino.

Sra. Varela Bastida (que traducido di): Eu tamén.

Sr. Alcalde (que traducido di): E ti tamén

Sr. Varela Filgueiras: Si bueno, boa tarde a todos e a todas, bueno eu realmente non sei si o servizo de comedor escolar é un servizo de conciliación como tal, o que si sei e que a limitación deste servizo de comedor escolar está a provocar problemas de conciliación nas familias, fundamentalmente a aquelas familias que non poden levar os nenos ao comedor escolar en días soltos, como viña ocorrendo ata agora. Tamén é certo que hai concellos que seguen a admitir o uso do comedor escolar en días soltos, e... sempre e cando, ca condición de que estes días soltos sexan os días fixos cada mes, porque tampouco sería moi lóxico que unha familia non puidera levar, por poñer un exemplo, á súa filla 8 días o mes ó comedor escolar, se estes dias van a ser fixos cada semana, por exemplo os luns e os mércores. Tampouco sei, iso si que non o sei, se algunhas destas familias que quedou excluída do comedor escolar estaba nesta situación, pero... creo que temos máis un problema de organización que un problema de seguridade, porque entendo que se as familias comunican coa antelación debida os días que os nenos ou nenas van acudir ao comedor escolar, e que si estes días van a ser días fixos, pois non debería haber ningún problema, máis que nada porque estes nenos ou nenas teñen que usar, polo protocolo, a mesma cadeira e a mesma mesa, e os días que eles non acudan ao comedor escolar ese espazo non podería ser utilizado por ninguén, e tamén supoño, como así o recolle o protocolo, que os espazos vanse desinfectar diariamente e, xa bueno, a maiores, e que tampouco sei realmente si se explorou a posibilidade que... que se recollía, creo que non primeiro documento que asinaron o goberno coas comunidades autónomas, onde se recollía que podía utilizarse incluso a aula como comedor, sempre e cando se mantiveran os grupos de convivencia estable, para servir a comida podería servirse en carros quentes con bandexas, e no caso de que non fora necesario, pois podería servirse a comida quente coa antelación mínima para mantela nun... nunha temperatura axeitada, e... e despois teño serias dúbidas de que segundo o regulamento que temos, pois sexa moi legal, eu creo que ético non é, que vaíamos a deixar fóra a algunha familia que ten maior puntuación que outra, simplemente polo rollo de non poder optar o comedor por mes completo.

Sr. Alcalde: e... José Angel

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Grazas, boas tardes, bueno eu creo que o dixo moi ben, o pensásemos nós un pouco, e dixo moi ben agora o voceiro do BNG, hai un tema aquí que creo que é ter un pouco de vontade, está claro que a lexislación, que nos comentaba Ana, a entendemos e o comprendemos, pero tamén entendemos que a situación na que estamos pois é un pouco particular, non, e un pouco diferente ao habitual, e que si, que

efectivamente, primeiro ten que primar, efectivamente, as familias que teñan necesidades de alimentación aos seus fillos, evidentemente, iso ante todo, non, pero despois tamén non cabe dúbida, como dicía o voceiro do BNG que si... isto tamén é un tema de conciliación, que non se pode esquecer, as familias levan anos utilizando o comedor en unhas condicións, non se modificou o regulamento, polo tanto enténdese que o funcionamento vai continuar sendo o mesmo, e sen embargo houbo variacións, e isto pois afecta... afecta á xente, afecta ás familias, non, e sobre todo no tema... no tema da conciliación, á xente que normalmente conciliaba, porque teñen que levar aos fillos ao comedor determinados días, porque os traballos son como son, a veces traballase a turnos de mañá e tarde, mañá, tarde e noite, ao mellor necesitas unha semana, dúas semanas, pero son sempre tempos acoutados, nos cales podes sabelo con antelación e podes informar, e se hai vontade por todas as partes, pódense facer encaixes, pódense... sabemos que si hai 19 nenos no comedor ou os que sexan, nunca realmente, fisicamente, están alí os nenos, e eu entendo que os espazos había que... que aproveitalos, ou ampliar aulas como dicía, ou ampliar turnos, sempre hai posibilidades, que xas comentastes vós as posibilidades, non as comentamos nós na moción. Hai posibilidades, polo tanto, se hai posibilidades imos a exploralas, que é o que pedimos nós, non... esta moción non está nin criticando a acción do goberno ata o de agora, que creemos que é correcta, pero creemos que pode ir un paso máis ala e tratar de dialogar e falar, tanto coas familias, como o centro educativo, como coa empresa e tratar de encaixar máis... a máis familias para que poidan acollerse ao comedor, tendo en conta que sobre todo, o tema da conciliación o realmente que preocupa ás familias non é o tema de que o neno vaia ir ao comedor ou non vaia a ir ao comedor, o problema é que si non vai ao comedor o neno ten que ir para a casa dos avós, e sabemos que os avós agora, hoxe en día, ata agora, pois son o grupo de maior risco, para este tipo de... de enfermidade, de pandemia que temos, e que os nenos tamén... pois, parece que son os que máis reparten o virus por aí, non, e entón pois iso crea, pois unha ansiedade as familias, porque non queren que os nenos vaian a comer a casa dos avós, simplemente, e creo que si cabe a posibilidade, se temos a posibilidade de explorar un pouco, tocar as diferentes e... entes que están metidos en este tema, podemos levalo a... sacalo adiante e podemos conseguir que máis familias se incluían e non teñamos esta controversia, non, e bueno, ese é o motivo principal da moción, logo tamén quería comentar, no sentido de que, posiblemente despois, no segundo trimestre, xa podamos ter máis encaixe e tal, claro eu entendo que este... esta circunstancia que estamos vivindo é unha circunstancia e... variable, variable, pero de forma constante. Se mañá sae unha orde da Xunta que di que os nenos poden ir ao colexio, pois acabouse o problema, ou sexa, se poden ir ao comedor, van todos ao comedor e acabouse, non, ou sexa, en ese sentido creo que tamén debe de haber por parte do goberno municipal, sempre a disposición a que isto haxa que cambialo en calquera momento, adaptalo a... a nova normativa en caso que haxa unha nova normativa e tal... entón en ese sentido o que quería é comentar que o que pedimos é iso, que se trate de encaixar canta máis xente mellor e en cada momento do tempo, iso é o que pretendemos con esta... con esta moción. En canto a modificación, incorporación de un 2º punto que diga modificar o regulamento, pois nós sempre imos estar de acordo en modificar o regulamento e adecualo á realidade porque de iso se trata, co cal pois aceptamos esa... esa emenda.

Sr. Alcalde: Ana

Sra. Varela Bastida (que traducido di): Nada, eu quería comentar e... con respecto ao que dixo o BNG que estamos en unha nova normalidade, ou sexa que, as cousas non son tan fáciles, que empezamos a traballar, pero xa dende o primeiro momento, e que cos distintos protocolos, tívose que cambiar moitas veces o criterio, tamén dicías que é que hai e... algún concello que tiña aos de días fixos, tamén hai moitos, moitos concellos que non abriron os comedores, incluso pois en Pontevedra creo que ata o último momento a ANPA, por culpa de isto, por culpa de isto que nos pasou a nós tamén. Nós en ningún momento pensamos en cerrar o comedor, sempre estivemos e... intentando... sempre en abrir o comedor, pero sempre en meter a maior cantidade de alumnos, para que puideran beneficiarse do servizo de comedor, e con respecto ao que dicía o PSOE, e... si é verdade que é cuestión de vontade, que é o que temos nós, para chegar a conseguir que estean todos os alumnos que o solicitaron, incluídos no comedor. Nada máis.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si eu, antes de... de que cerre o relator da moción, se quere cerrala, quería dicir brevemente varias cuestións. Vamos a ver, nós tentamos dende o primeiro momento, de boa fe, meter a todos os alumnos que fora posible, é certo que os protocolos foron cambiando, e os do inicio do curso foron cambiando tamén, ata cambiaron a Consellería enteira, e dicir, houbo unha problemática xeral respecto ao inicio do curso escolar, isto conlevou tamén a unha serie de cambios, que é verdade que todos os gobernos poden equivocarse, e nós ao mellor equivocámonos en algún momento, pero en todo caso, si o fixemos, fixémoslo coa mellor das boas fes, sen intentar prexudicar a ninguén, intentaremos en todo caso, porque é moi difícil estar en todos, e... estar en todo, é en todo momento en todo, loitando contra unha pandemia, é certo que é difícil estar en todos os frontes á vez, non hai ningún goberno autonómico que en algún momento determinado non tivera que reaxustar as medidas que adoptou, porque obviamente a dificultade da pandemia é difícil, intentaremos nós tamén modificar e facer as adaptacións que poidan ser máis positivas para as familias, pero en todo caso, bueno, nós queremos en 1º lugar agradecer o ton conciliador da oposición, en momentos de dificultade, porque o curso escolar non deixa de ser unha preocupación para pais e familias, e o goberno tamén está preocupado, como probablemente toda a Corporación, pero tamén é verdade que é moi difícil e... intentar manter o rigor que nos poñen as autoridades de sanidade, unha pandemia que está en unha segunda ola, recordémolo, non estamos en... no momento do verán, estamos en un momento de que os aumentos de positivos seguen aumentando e é difícil conciliar ambos conceptos, o cal é moi difícil, obviamente, que podamos ser 100% acertados nas medidas, probablemente... que adoptemos, pero obviamente, sen querer prexudicar a ninguén, e evidentemente, pódese prexudicar si... por iso o noso ánimo loxicamente, sempre intentar rectificar, se podemos rectificar, para iso estamos aquí, non somos un goberno que diga que o fixo todo ben, intentamos facer as cousas ben, pero podemos equivocarnos, intentaremos rectificar, se podemos rectificar, bueno, independentemente de, bueno... porque isto se queira usar de... bueno, de outro tipo de cuestións que eu creo que non é así, pero puidera ser, en todo caso, a nosa cuestión é intentar, loxicamente, pois dotar de ferramentas para que o segundo trimestre sexa distinto, con maiores garantías, e que podamos ofrecer un servizo máis completo ás familias, en todo caso, iso é o que quería simplemente dicir. Bueno, queres agora cerrar a moción, Jose Angel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): No, bueno, simplemente dicir que... que somos conscientes de... das dificultades e que creemos que estamos a tempo de... do que dicía o alcalde, de rectificar e de poder encaixar un pouquiño máis as... as cuestións, que o noso Concello non é igual que o do noso entorno, que estamos en unha situación, eu creo que mellor que os demais concellos, en canto a poder tomar medidas mellores para os nosos veciños, e que bueno, que isto vai ter que cambiar, ou sexa, se non é agora, a consecuencia de esta moción, vai ser a consecuencia das... dos protocolos que cambien e todo isto, entón, polo tanto, entendo que... que sería positivo que a moción saíra adiante e que estamos nós dispostos tamén a aportar todas as ideas ou... ou todo o que estea na nosa man para sacar adiante este... este reto que hai agora con... con este tema.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moitas grazas, bueno pois cerrada a moción, pasamos entón á votación. Non sei se queredes aceptar a emenda José Angel, a emenda que se...incluír a emenda, a emenda vén a reflexar que se incluía que se inste ao goberno á modificación do regulamento do comedor escolar municipal, non, entón feita a emenda, aclarada a emenda que... que se vai tamén a incluír dentro da moción, pois pasamos a votar a moción. Votos a favor da moción, bueno pois unanimidade entón.

4.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN SOBRE PERMITIR O PAGAMENTO DOS RECIBOS DO 1º E 2º TRIMESTRE DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIXO, AUGA, SUMIDOIROS E EDAR DO ANO 2020 ATA DECEMBRO DO ANO 2021.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal de Esquerda Unida-SON En Común sobre permitir o pagamento dos recibos do 1º e 2º trimestre das taxas pola prestación do servizo de lixo, auga, sumidoiros e EDAR do ano 2020 ata decembro do ano 2021, producíndose o seguinte resultado: 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG) e 8 votos en contra (5 PP, 3 PSOE), acordando, en consecuencia, o Concello Pleno, rexeitar a aprobación da devandita moción.

DELIBERACIÓNS

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao seguinte punto que é moción da voceira do Grupo Municipal de EU-SON EN COMÚN sobre permitir o pagamento dos recibos do 1º e 2º trimestre das taxas pola prestación do servizo de lixo, auga, sumidoiros e EDAR do ano 2020 ata decembro do ano 2021. Ten a palabra a relatora da moción.

Sra. Díaz Otero: Bueno, boas tardes a todos e todas, bueno esta cuestión xa a plantexamos en varias comisións de Facenda, e dado que a día de hoxe, e se me equivoco rectificarei, non están aínda publicados no... no Boletín Oficial da Provincia, nin o primeiro nin o segundo trimestre correspondente aos recibos de auga, lixo, sumidoiro e EDAR, pero si está publicado os padróns de vehículos, vaos, IBI, de paso de beirarrúas e demais, e que todos van

a coincidir, fundamentalmente, en este último trimestre do ano, incluído a posibilidade, non o temos claro, de distintos padróns correspondentes a taxas que eran de febreiro, pois non se foron publicando, e polo tanto non se fixo efectivo para os cidadáns. A moción ten.... ten o obxectivo, igual que se plantexou, pero non se recibiu unha resposta clara nas diferentes comisións de Facenda, de que os veciños en esta situación tan especial, por un problema que é única e exclusivamente imputable ao goberno municipal, que non teñan que asumir o pago de...o primeiro e segundo trimestre da auga no último trimestre do ano e que polo tanto, estes recibos se poidan aprazar e se poidan pagar durante o ano 2021. Bueno, é obvio que de non ser o primeiro e segundo trimestre, pode ser o segundo ou terceiro, en todo caso, a moción o que pretende e que, non sexan efectivos os tres ult.... os tres primeiros trimestres do ano 2020 en este último trimestre, e que polo tanto, se poida marcar un novo calendario fiscal, para que poida ser abonado con facilidade, dado que non é imputable aos veciños e veciñas de Mugardos, e polo tanto, poidamos facilitar tamén a súa economía.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois presentada a moción, pasamos a un primeiro turno de intervencións. Palabras? José Angel, nada máis?

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Grazas, bueno nós en esta... en esta moción temos moitas dúbidas en canto ao tema de pasar os gastos do exercicio do 2020 ao ano..., ao 2021, non, no tema de que tamén o Concello ten que seguir funcionando, non, aparte de que estes... estes primeiros pagos se conxelaran, digamos, e que agora supoñan un maior gasto para as familias, porque van ter que pagar todo o ano, os recibos de todo o ano a final de... a final de ano. Nós comprenderíamos que en lugar de ser ata decembro, fose ata marzo, porque así dentro do primeiro trimestre, co cal tería ao mellor máis encaixe dentro do... do que son unhas contas municipais, que deben estar presentadas en... antes de que acabe o primeiro trimestre do ano, non, e... entón bueno, en ese sentido, non entendemos moi ben si sería bo, e dicir que non... que as familias non paguen os impostos do ano 2020, antes de decembro do 2020, pero si que os paguen antes de decembro de 2021 cando, en principio, non sabemos cal vai ser a situación das familias no ano 2021, e ademais estaríamos na mesma circunstancia, non, pero un ano despois, co cal non entendemos ese... ese retraso. Nós entenderíamos, entendemos que hai dúas... dúas cuestións principais, unha a operatividade para o Concello, que isto creo que isto creo que non sería operativo cambiar de exercicio, e logo a acumulación do pago de... en dous anos non, estaríamos pagando, entón as familias, o primeiro trimestre e o segundo trimestre do 2020 en decembro de 2021, e logo o que si entendemos, e o que si deixamos constancia que si que estaríamos de acordo en que, en eses presupostos do ano 2021 houbera xa especificada unha partida e se desen unhas axudas para as familias, para poder facer fronte a estes gastos que van ter que cubrir durante a...durante o mes de xaneiro de... de 2021, non, isto si que queríamos deixar constancia de que sería a nosa... a nosa vontade, en... a hora de negociar os presupostos e de, en principio, esas axudas xa poderían un pouco, absorber o que serían os gastos aos que tiveron que... que se lle van a acumular, digamos, ás familias. Entón, bueno, a nosa posición en principio, creemos que hai outras posibilidades mellores que deixar atrasar o pago a 2021, polo tanto, creemos que debe ser a través dos orzamentos, e así... por ese motivo, imos a votar en contra de esta... de esta moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, se hai algunha petición para abrir un segundo turno, por parte de algún grupo, ábrese, si? Gemino, bueno pois entón abrimos un segundo turno. Palabras? Só Gemino? Si? Vale, pois Gemino..

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu simplemente dicir, a... a moción anterior aínda que non o parecera ía de conciliación, e esta pois, aínda que non o pareza, tamén vai de economía, e fundamentalmente, polo que eu entendo, pola situación que estamos a vivir, pois é unha situación onde as familias, economicamente, están a pasalo mal, díxoo antes o alcalde, estamos nunha situación peor da que tínhamos en marzo, epidemiolóxica, pero creo que tamén económica, porque creo que tamén hai moita xente, fundamentalmente autónomos e pequenas e medianas empresas, que tiveron que pechar debido a COVID, e que están nunha situación onde aínda encima, e... debido ao retraso na publicación dos padróns, pois se lles van acumular unha serie de recibos que terán que pagar, entón eu e... entendo que todo o que sexa tratar de apoiar e beneficiar ás familias para que poidan facer eses pagos de unha forma moito máis folgada, pois todo... todo será bo, e entón nós en principio.. bueno en principio e en final imos a votar a favor da moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pois... vale pois, en todo caso, si... se non hai máis palabras. Queres cerrar a moción?

Sr. Mahía Prados: En base ao artigo 56 do regulamento orgánico municipal, solicito dar explicación do voto do grupo.

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale. Bueno, bueno, pois explícao.

Sr. Mahía Prados: Ben, tras non intervir en ningún turno e en base ao artigo 56 do regulamento orgánico municipal, vou explicar o motivo do sentido de voto do grupo. Vamos a ver, hai varias cousas que destacar, primeiro eu non sei a que van vostedes ás comisións, descoñézoo por completo, descoñézoo, porque este tema falouse en comisión, nunha en concreto, a do 16 de setembro, de este mes, non entendo o motivo de presentar unha moción cando isto xa se falou, bueno... xa se.... fíxose unha pregunta en comisión e... contestouse, e a resposta que se dou foi que o día 10 de setembro enviouse un correo a oficina de recadación municipal co seguinte contido: Bos días, tal e como falamos esta mañá, esta sería a idea que temos para tramitar os novos prazos: prazo do primeiro trimestre de 2020 e... de 2020... e segundo trimestre de 2020, período voluntario de pagos dos recibos ata o 31 de decembro do 2020. Terceiro trimestre de 2020 e cuarto trimestre de 2020, pasaranse ao 31 de decembro... de marzo de 2020, como se facía ata agora, e dicir, a proposta que fixo o goberno non foi outra que coller o último recibo do ano de auga, sempre se pasou... sempre se deixou pagar ata marzo, e que fíxemos? collemos e este ano pola situación do COVID soamente se pagarán 2 recibos de auga, non é necesario pagar 4 recibos a sopetón, e non entendo esa parte de exposición de motivos, que di que esta situación non aprobasen uns prazos que contemplan ata decembro do ano 2021 para poder pagalos por parte da cidadanía, provocaría unha acumulación de recibos no último trimestre do ano, non, pódense pagar no primeiro trimestre de 2021, por que? Porque como vostedes deberían de saber, porque estiveron no goberno, parece mentira, que as contas públicas péchense no primeiro trimestre, porque incorporar os gastos dos anos pasados, senón

xa me explicaran porque o último recibo do trimestre, ou sexa, o último recibo do trimestre, o último recibo da auga do ano, sempre se pasou a finais de marzo, si se facía mal, pois... eu penso que non se facía mal, está ben feito, pero si se facía mal xa explicarán vostedes por que. Mire e... en base ao acordo, vostedes din que inste ao goberno municipal a permitir o pago de recibos do segundo e terceiro trimestre ate decembro de 2021, mire, por que finais de 2021? Porque non puxeron o ano de 2050?. En que criterios se basearon vostedes para poñer esa data? É unha dúbida que teño, ou o ano 3000, xa que estamos a xogar coas cifras, ou movemos non? Porque eu penso que detrás de todo isto hai un motivo e eu non creo nas casualidades, e menos de alguén que coñece a administración, porque eu penso que vostedes coñecen a administración, senón preocupárame, e que, saben que cada padrón de auga son en torno a 200.000 €, e están falando vostedes de que deixaríamos de recadar con cargo ás contas do ano 2020: 400.000 €, claro, alá vai a estabilidade orzamentaria, alá vai o cumprimento da regra de gasto, alá vai todo o que estivemos traballando e amañando as contas no que vai de ano, entón isto eu penso que corresponde máis a unha estratexia de querer deixar sen liquidez as contas do Concello, para facer dano ao goberno, e dicir, que non saben xestionar, porque unha de dúas, ou é isto ou é que non atenden nas comisións, porque estes datos déronse na última comisión, de aí a miña sorpresa cando vin esta moción, ou a ver, eu non vou tamén dar moitas leccións....

Sr. Alcalde (que traducido di): Vaia terminando

Sr. Mahía Prados: Si, si, Para finalizar, eu non vou dar moitas leccións acerca de como se debe xestionar un Concello, unha Administración Pública, pero quero recordarlles que para relacións de cobro de recibos tiveron vostedes a EDAR do 2015 que pasaron recibos sendo o único Concello de todos os que formamos a... a EDAR que pasaron ese recibo, porque a planta non estaba operativa, entón leccións de como xestionar os padróns, poucas, e menos por parte de quen deixou o Concello na situación na que o deixou. E volvo a aclarar, isto falouse en comisión, estes datos de cando se van pasar os padróns dixéronse en comisión, así que presten máis atención cando se explican os temas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, simplemente recordar a todos os concelleiros que si ben os turnos son... o primeiro turno de 10 minutos, o segundo de 5 minutos, estou sendo, en algún caso flexible, as alusións, a aclaración de voto vén regulamentada con dous minutos de aclaración, entón intentemos, se non aproveitamos os turnos anteriores, non excedernos do tempo que temos por regulamento, de acordo? Ben, bueno, en todo caso, pasamos a votar a moción, votos a favor, en contra, abstencións, nada. Queda rexeitada a moción.

5.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN SOBRE INICIO DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DA EEI DO SEIXO PARA DESTINALO A ESCOLA MUNICIPAL INFANTIL DE 0-3 ANOS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao seguinte punto, punto núm.5, moción da voceira do Grupo Municipal de EU-SON EN COMÚN sobre o inicio do expediente de desafectación da EEI do Seixo, para destinalo a escola municipal infantil de 0-3 anos. Ten a relatora da moción a palabra.

Sra. Díaz Otero: Bueno, vamos a ver si... si esta vez o Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular prestou atención a aclaración do alcalde. Bueno, a moción para entrar xa na moción, que eu creo que é o importante e que, como toda corporación coñece, o curso escolar anterior, a Xunta de Galicia tomou a decisión de pechar esa escola unitaria, e como resultado de esa situación e... permanece pechada, sen que en este curso escolar se ofertase xa o poder inscribirse e... nas citadas prazas, o que quere dicir que como pasou noutros concellos, pois esa escola unitaria xa vai a quedar pechada de por vida, aínda que puidera cumprir o ratio de números que marca o Decreto da Xunta de Galicia. Isto, bueno, o que facilita é que poidamos abrir un novo servizo de conciliación e educativo en esa escola, con un edificio importante, un edificio no que se fixo unha inversión importante nos últimos anos, e un edificio que deberíamos de intentar darlle un uso, dende o noso punto de vista, educativo e de conciliación, por iso é polo que presentamos esta moción, primeiro para que se desafecte o espazo, polo tanto, poida estar a disposición do Concello, aínda que, ben é certo que o Concello vai a facer alí actividades en este curso escolar, rexeitando poder facelo na Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega do Seixo, tal e como viña sendo tradicional, e ademais facémolo porque, si é verdade que este Concello debateu en varios momentos a propia ampliación da escola infantil actual, en canto o número de prazas, seguimos sobre todo de 0-1 e de 1 a 2, por debaixo do ratio que ten de forma xenérica a Xunta de Galicia. Nós entendemos que, debemos de ir incorporándonos a ese ratio que ten a Xunta de Galicia, e a oferta de prazas para as escolas de 0 a 3 anos, e que ademais é unha boa oportunidade para contribuír a que o declive de poboación e de nacementos no Concello de Mugardos, e concretamente, tamén no Seixo, pois sexa unha tendencia que se rompa e que podamos asentir poboación tamén cando, por circunstancias económicas, sociais e medioambientais, se está vendo que hai un movemento de poboación cara as zonas pequenas, e polo tanto, cara esa zona rural.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, bueno, pois abrimos entón un primeiro turno. Palabras? Gemino pediu a palabra, primeiro turno, Gemino BNG, o Voceiro do PSOE e o Voceiro do Partido Popular. Vale? Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno eu, dicir simplemente que vou a votar a favor de esta moción, porque entendo que o Concello ten que recuperar esta infraestrutura, que estaba dedicada a Educación e que foi pechada pola Consellería, e a día de hoxe, a Consellería non contempla a súa reapertura, como xa ten demostrado noutros concellos e noutras ocasións, e ademais creo que o Concello ten que levar a cabo as accións necesarias para a desafectación desta escola para que poda ser dedicada a outros usos, e fundamentalmente, para que o edificio non se deteriore, como pasou en algúns outros, e para que o Concello, pois, non perda a inversión que fixo nesa infraestrutura non hai tanto, e se ademais isto vai a servir como estratexia para sentar poboación, dotando de un novo servizo a un núcleo de poboación, pois mellor.

Sr. Alcalde: Bueno, José Angel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Vale, grazas. Nós, en este caso, entendemos que o que se trata, do que ten que tratar o Concello e de prestar un servizo, non, prestar un servizo cando o servizo sexa demandado polos veciños, non, non sei se neste momento é isto o que está a propoñer Esquerda Unida, pois e... é unha demanda dos veciños, non, e sobre todo,

tampouco temos nós coñecemento agora mesmo de que haxa, pois, un número suficiente de nenos de 0 a 3 anos en O Seixo, Franza e San Xoan, que entendo que sería o núcleo que afectaría, non, o que si sabemos e que agora mesmo hai prazas libres na escola infantil que temos actualmente nas Lagoas, entón posiblemente debería de ir un pouco relacionado unha cousa coa outra, non, se non hai prazas, pois habilitar novos espazos e se hai prazas pois non habilitalos. En todo caso, na anterior moción, Esquerda Unida pretendía un pouco dicirnos como tería... que, díganos que, impoñíanos un pouco, economicamente, como teríamos que tocar os impostos municipais, e en esta, pois, imponnos un pouco tamén en que debemos de utilizar os edificios municipais, moi na liña do que... da forma de pensar. Nós tamén temos ideas e proxectos para a Escola... para a Escola Infantil de O Seixo, pode ser un centro de maiores, pode ser un local de ensaio, pode ser para actividades, para outro tipo de actividades, que tamén son actividades que están demandadas por... pola xente, non, e bueno, entendemos que isto é no que deberíamos estar, pois, falando ou discutindo, non. En que se vai a utilizar, aquí xa se deixa como cerrado de que ten que ser unha Escola Infantil, porque é o proxecto de Pilar Díaz e... é ela a que sabe o que ten que facerse neste Concello, pois non, non o entendemos moi ben. O de a desafectación xa che digo, estamos totalmente de acordo. Logo no outro pois non, a nós gustaríanos poder participar en un debate de a que se vai utilizar un edificio municipal, como outro calquera, creo que é unha cuestión que nos afecta a todos, non, se cada un coas súas ideas e cos seus proxectos vai traer cada día unha moción, eu creo que a forma correcta sería que o levamos a unha comisión, o discutíramos e o que a maioría decida, que se debe facer nun local, pois, é o que se faga, pero bueno, por iso imos a votar en contra tamén desta... desta moción e.

Sr. Alcalde: Vale, Miguel.

Sr. Mahía Prados: Ben, non só facendo unha alusión por parte da... da Voceira de Esquerda Unida, alusión a si facía ou se cumpría o que dicía o alcalde, non só vou cumprir, senón que cando fala alguén que coñece a Administración, que ten o respecto e cariño dos veciños, e que trata a todos con igualdade e con... co bo trato, non só que... o admiro senón que vamos, o que me diga, como boa persoa que traballou moito tempo nesta Administración, que coñece esta casa, non só o acato senón que o defendo. Imos ver, en primeiro lugar, vostede trae aquí unha moción referente á apertura de unha Escola Infantil Municipal no Seixo, vamos a ver, a favor de desafectar a escola, si, por suposto, porque non. Para unha Escola Municipal Infantil? Depende, por que unha Escola Municipal Infantil? Sabería vostede dicirme canto foi o número de nacementos que houbo en Mugardos no ano 2018? Déixolle esta pregunta e agardo no segundo turno que me diga a resposta. Eu téñoa aquí apuntada, porque estiven mirando a pirámide poboacional, senón algún dos seu asesores pode enviarlla. E sabería tamén vostede cantas prazas libres hai nas Lagoas? Ou sabería vostede explicarnos cal foi o motivo polo cal non se está a facer unha ampliación nas Lagoas de unidades, estase a facer unha ampliación nas Lagoas de espazo, por que?, porque non chegamos os ratios para ampliar unidades, polo tanto non entendemos por que senón chegamos aos ratios para ampliar unidades, que tal e como ten mirado a Xunta de Galicia, que é quen ten que autorizar a apertura de este tipo de centros, cando máis de carácter público, non entendemos porque vostede di que incumprimos ratios, se a Xunta nos di que non, porque é unha opción que barallamos antes de ampliar espazos, son de acoller máis unidades, e nos dixeron que por unidades non collíamos, e non entrabamos porque non

chegabamos ao mínimo de nacementos, volvo a recordar a miña pregunta: Sabería dicirme cantos nenos e nenas naceron en Mugardos o ano 2018? Espero a súa resposta no seguinte turno. Mire, nós e... como lle dicía estamos a favor de desafectar o edificio, pero non estamos a favor de querer impoñer nada, e poño como por exemplo, o que pasou no Zárate, vostede chegou un día e dixo unha b..., bueno primeiro querían tiralo, logo querían facer un cubo, logo querían mantelo en pe e reformalo e o final o que conseguiron foi facer un campo de céspede aí ao lado do edificio, e tiramos unha lexislatura, porque se vostede se empeinou en facer algo co resto da Corporación non quería. Tres dos catro grupos que están na Corporación decidimos que aí tiña que ir un edificio sociocultural e con este edificio pasará o mesmo. O goberno non vai impoñer o que quere facer na Escola do Seixo, teremos que falalo, teremos que buscar as necesidades, teremos que mirar que é o que fai falla no Seixo, pero a nós, a día de hoxe, tal e como está a situación nas Lagoas, que repito, descoñ...agardo a súa resposta no segundo turno, pois haberá que ver se é viable ou non é viable, nin máis nin menos. A favor de desafectar?, si. Para unha Escola Infantil? Depende, habería que miralo, a día de hoxe o Concello de Mugardos non cumpre os ratios para poder facer este tipo de... de proxectos.

Sr. Alcalde (que traducido di) Bueno, pois se algún grupo quere un segundo turno pois que o solicite e abrimos un segundo turno, senón... Si, pedimos un segundo turno entón. Palabras? Miguel, José Angel. Pois José Angel tes a palabra.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Vale, bueno como vexo que... entendo que estaríamos todos de acordo en que.. en que se solicitase a desafectación de este... de este local, entón eu entendo que o correcto sería, bueno nós propoñemos, en todo caso, non, se por parte de Esquerda Unida quere retirar a parte de que di Escola Municipal Infantil e dámoslle un uso acordado por todos, nós entón en ese caso estaríamos totalmente de acordo en... en votala a favor e. Deixo dicilo porque bueno, é así.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, e... Miguel pediche turno? Como?... Fixeches unha emenda ti, José Angel?

Sr. Martínez Bardanca: Si,

Sr. Alcalde (que traducido di): Que emenda fixo?

Sr. Martínez Bardanca: (que traducido di): Que se retiraba o uso...

Sr. Alcalde (que traducido di): Xa, bueno, eu en todo caso, a ver, eu, indubidablemente, eu non son ninguén para dicir aos grupos o que teñen que facer, eu teño as miñas dúbidas, e non quero poñer en compromiso á secretaria sobre os procedementos de desafectación, porque estamos a falar de desafectar unha escola educativa, que ten un uso educativo para desafectalo tendo outro uso educativo, entón eu teño as miñas dúbidas, se procedería unha desafectación

Sra. Secretaria: ...desafectado ou non examinar a conveniencia ou oportunidade de... a Lei de Patrimonio, no regulamento de bens, o que lle din ás Corporacións Locais e que temos que garantir que o dominio público siga sendo dominio público, podes manter o uso público,

pero.....infantil outro, entón sería cambiar o uso, pero mantendo sempre o carácter público do ben. E despois, en caso de quedar desafectado, xa terías que dicir destínalo a algo, e como moito, unicamente iniciar un expediente para averiguar que outro uso ou que cualificación xurídica se lle pode dar a ese ben, pero desafectalo é un expediente que necesita dos acordos de maioría absoluta no Pleno, exposición pública, quero dicir, e hai que xustificar a conveniencia, a oportunidade e a legalidade, entón home, si, faládeo, pero non... concretalo máis.

Sr. Alcalde (que traducido di): É o que eu sospeito, e dicir, non podemos, creo que non podemos incoar un expediente de desafectación vía moción, senón que ten que haber, loxicamente un procedemento distinto, que é esa de cualificar un expediente completo, para poder, loxicamente, traer a un Pleno e facer unha votación.

Sra. Secretaria: fundamentalmente, porque se quere cambiar iso, e para que. Estamos falando de dominio público.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, entón, eu en todo caso, eu en todo caso... estaría... se quere Pilar que lle demos unha volta en comisión, porque eu creo que os acordos que imos adoptar aquí, eu creo que se sae un pouco da... eu teño dúbidas sobre da legalidade da cuestión, independentemente que sexa instar, eu creo que hai que iniciar un expediente e conformalo coa suficiente información xurídica, e de outro tipo, e iso si queres, pois levamos a moción á vindeira comisión, iniciamos un expediente, vemos un pouco sobre esa cuestión, para non incorrer, porque creo que non procede ben esta cuestión en ... vale, logo vas a cerrar... contestas aí ... vale?

Sr. Mahía Prados: Renuncio ao turno.

Sr. Alcalde (que traducido di): Renuncias ao teu turno, bueno pois... Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bueno, aínda que non creo que sexa a forma de... de actuar, intentar o descrédito, pero bueno, en este Pleno é bastante habitual, pero bueno vouche facilitar os de 16, 17 e 18, dos nacementos do Concello de Mugardos. No 2016: 35, no 2017: 29 e no 2018: 25 e se queres a táboa de poboación do 2019: de 0 a 5 anos 150; menores de 18 anos: 646; o que significa o 12,3, entre 18 e 65: 3.146, e 60%, e maiores de 65: 1.451, o 27,7, e o crecemento vexetativo no 2019 é negativo, con 51 defuncións máis que nacementos, e... eu creo que ese non é o... o debate, eu creo que o debate, é obvio que a proposta que se presenta é unha proposta de Esquerda Unida, que en todo caso, ... que o Pleno a aprobase, ten a capacidade de obrigar ao órgano que ten a competencia, nin a iniciar o expediente, nin dedicala á Escola Infantil, pero o Pleno tamén está feito para facer propostas e para facer mocións como vimos neste Pleno, aínda que en realidade non se debata o asunto da cuestión, e é que o asunto da cuestión é que o grupo de goberno non cumpre o regulamento de comedor escolar, e incorpora nenos con menor puntuación, cando o regulamento non diferencia de días soltos ou de mensualidades, pero bueno, iso entra dentro da estratexia política de dicir que xa conseguimos que o goberno no que nós estamos pois vaia incorporando... Ben, eses son outros temas, nós si que estamos dispostos a que vaia a comisión, pero, é obvio, que a debate non pode ser só sen o Concello iniciar o expediente para a desafectación, senón que uso se lle da, e ten

que ir parello, por iso a proposta non é iniciar o expediente de desafectación, así en abstracto, senón iniciar o expediente de desafectación para un uso, que ademais, ten que estar, senón se quere facer unha modificación do Plan Xeral de Urbanismo, ten que estar en consonancia co Plan Xeral de Urbanismo, que cita a parcela como uso dotacional de equipamento, e cos usos permitidos, salvo que levemos aparelado unha modificación do Plan, e o que si me gustaría, por último, e... digo porque nós coñecemos a, como é obvio, a lista definitiva da Escola Infantil, e queremos dicir que nós queremos o mesmo tratamento da Xunta que acaba de dar A Guarda, con unha inversión de máis de 600.0000 €. en unha nova Escola Infantil, para que A Guarda poda ter un 48% de ratio, pero vou a dar un máis. Si Galicia en este momento, a diferenza de Euskadi, que ten o 52,3 % ten un 44%, a Mugardos cos datos do 2016, de 0 a 1 corresponderíanlle 15,4 prazas, e temos 8, polo tanto, creo que non é unha ocorrencia, non é unha imposición, e creo que esta moción vai permitir abrir en esa comisión un debate, onde obviamente, todos os grupos van a ter, como non podía ser de outra forma, a posibilidade de poñer as súas propostas encima da mesa, pero quen ten que tomar a decisión, finalmente, no último momento, do expediente de desafectación e uso será o Pleno de esta Corporación, coas maiorías correspondentes, polo tanto, ímola retirar, co compromiso de que vaia a comisión correspondente que indique o goberno, que supoño que será Facenda ou Patrimonio, pero con ese debate sobre a posibilidade de que poida ser dedicada a Escola Infantil.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, en todo caso, retírase a moción, en todo caso debaterase na comisión pertinente, non só co que se trouxo na moción, senón cos usos aos que se poida destinar o ben, eu creo que recortar os usos que se lle poida dar, eu creo que é un error, todos temos que ter amplitude de miras e saber exactamente que é o que queremos facer para saber como facelo, en todo caso, e coincidindo en algún aspecto coa Voceira de Esquerda Unida, quero tamén recordarlle, tamén que as comisións informativas ao igual que os plenos tamén están para enchelas de contido, e obviamente, vostedes pediron que foran dúas... dúas comisións ao mes, en vez de unha, o cal aínda enche de máis responsabilidade aos grupos encher de contido esas comisións, e non só facer as propostas nos Plenos, porque senón perderían o efecto...

Sra. Díaz Otero: Perdome un momento, sr. Alcalde, a moción.....

Sr. Alcalde (que traducido di): No, non tes a palabra, Pilar por favor, si pero o alcalde pode intervir en calquera momento do Pleno, deberías coñecer o regulamento. Pilar é que non tes a palabra, non tes a palabra, non tes a palabra, Pilar, non tés a palabra. Primeira chamada ao orde, Pilar, non tés a palabra, por favor, non interrompas, non interrompas. Non interrompas, en todo caso e... en todo caso e... deberías coñecer a estas alturas o regulamento, e... polo tanto eu creo que o que hai que facer, obviamente, é recoñecer e documentar a necesidade do que pode ser ese uso no futuro para documentalalo e chegar, loxicamente a un consenso, que eu creo que é o que hai que facer en estes... estes momentos. Obviamente, hai unha cuestión que non se lle escapa a ninguén, loxicamente, o uso da escola tal e como está, leva tempo sin... sen uso, e loxicamente hai unha cousa que se...nos escapa a todos. Por que non o fixo vostede cando gobernou?, en todo caso, e... bueno, retírase a moción, lévase á vindeira comisión, e abrírase un debate respecto da mesma.

Faise constar que pola relatora do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son En Común no presente punto da orde do día tense retirado á moción presentada sobre inicio do expediente de desafectación da EEI do Seixo para destinalo a Escola Infantil de 0-3anos. tras ter solicitado que o asunto se leve á comisión informativa correspondente.

6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚM: 713/2020, 739/2020, 762/2020, 772/2020, 776/2020 E 785/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao segundo punto que é dar conta das Resolucións da Alcaldía núms: 713/2020, 739/2020, 762/2020, 772/2020, 776/2020 e 785/2020.

O Pleno da Corporación dáse por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 713/2020, de 20.08.2020**, sobre delegación da xestión administrativa do programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do plan estatal de vivenda 2018-2021, no Concelleiro José Miguel Mahia prados.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 739/2020, de 31.08.2020**, sobre delegación de funcións na 1ª Tenente de Alcalde.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 762/2020, de 10.09.2020**, sobre delegación da representación do Concello para asistencia ao acto de conciliación no SMAC no Concelleiro D. José Miguel Mahía Prados.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 772/2020, de 15.09.2020**, sobre delegación en concelleiro para celebración de matrimonio civil o día 19.09.2020.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 776/2020, de 16.09.2020**, sobre delegación da xestión administrativa do programa de Rexeneración e Renovación Urbanas do Plan Estatal de Fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 785/2020, de 18.09.2020**, sobre modificación da data e hora de celebración da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que correspondería celebrar o día 24.09.2020.

7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ, DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚMS. 713/2020 A 800/2020, AMBAS INCLUSIVE.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto 7º que é dar conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e

Participación cidadá, dende o anterior Pleno Ordinario: resolucións núms. 713/2020 a 800/2020, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 713/2020 á 800/2020, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, dende o anterior pleno ordinario.

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Alcalde (que traducido di): E pasamos ao punto 8º, que é rogos e preguntas. En todo caso, antes de pasar ás preguntas, se algún concelleiro ten algún rogo, que... que pida a palabra e... si... rogos Pilar, Ignacio, Marta e Miguel. Miguel, pero os rogos van destinados aos órganos de goberno... bueno, non sei, bueno, en todo caso, Marta e... quen máis me queda, Miguel, veña... Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Si, eu rogaría que hai unhas resolucións de... con procedementos de sancións de tráfico, sobre todo unha resolución onde hai unha concentración moi alta na Avda. Bello Piñeiro, creo que é 54, que ascende case 8.000 € no período de un mes, si se podía levar a comisión correspondente, porque creo que nas 3 resolucións que veñen contempladas no punto anterior, hai case 10.000 €. e boa parte delas, non sei se o 70 ou 80% contemplado na Avda. Bello Piñeiro, e que polo tanto puideran pasar por comisión.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, si claro, calquera expediente que queiran ver, obviamente este goberno está pola transparencia completa, e levarase á comisión para que poidan ver vostedes as sancións que se cometeron. E... Ignacio. Si... bueno empeza Marta, quere empezar Marta, empezas ti...Vale, pois empeza Marta, veña Marta...

Sra. Ruiz Del Ganso (que traducido di): Ola, pois nós queríamos que si se podían levar a comisión, bueno á comisión pertinente, os protocolos COVID das instalacións municipais, tanto deportivas como culturais.

Sr. Alcalde (que traducido di) As que?... que non entendín.

Sra. Ruiz Del Ganso: Os protocolos que se están utilizando.

Sr. Alcalde (que traducido di) Os protocolos, si claro, por suposto, si lévanse as comisións pertinentes. E... Ignacio.

Sr. Fernández Fernández (que traducido di): Boas tardes a todos e a todas. Amólanos ser reincidentes unha e outra vez co tema das vacas, que xa o plantexamos varias veces, en comisións, etc. Nós entendemos perfectamente que existen unhas responsabilidades e unhas competencias sobre este tema que non son do Concello, pero si que entendemos que hai unha competencia e unha responsabilidade máxima deste Concello, sobre a Seguridade e a Saúde dos veciños e veciñas do mesmo, polo tanto, facemos o rogo de que se faga unha vixilancia

continuada, un seguimento continuado, e un control continuado do problema, para avisar o Concello, a quen teña a responsabilidade e a competencia, de calquera perigo, tanto sanitario, de seguridade, que poida... que poida producirse sobre este tema. Nada máis.

Sr. Alcalde (que traducido di) Bueno, respecto de esta cuestión, e... tal e como se quedou na última reunión, pediuse que se iniciara un expediente respecto a este tema, a secretaria fixo un informe, un informe que teño aquí, que se vos vai pasar tamén na comisión correspondente, onde se abordan os temas que se solicitaron en dita comisión ao respecto das competencias en Medio Ambiente e Sanidade dos Concellos e que, bueno, analizaremos nas vindeiras comisións, tal e como nos comprometemos, e que, se empeza o expediente con esta cuestión. Referente á inspección sanitaria, respecto á salubridade e todo ese tipo de cousas, xa se está a facer esa vixilancia, de feito, o propio Concello o que tivo que xestionar coa propia Xunta de Galicia, pois ese traslado, cos medios tamén propios en algún caso, polo tanto claro que si, agradecemos obviamente, a preocupación tal e como se plantexou na comisión de ese día, pero xa estamos a facer as medidas oportunas, e en todo caso, cando se leve a comisión e poida ver vostede o informe, pois xa trataremos calquera outra cuestión que queiran plantexarnos. E... Miguel.. non, renuncias... bueno. Gemino, tes unha pregunta verdade?

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno e... nos últimos tempos os veciños e as veciñas de..., que están próximos á pista polideportiva do Santiago Apóstol, están a sufrir unha situación, en certos casos insoportable, máis que nada, debido ao nivel de ruídos, os balonazos, os golpes, e isto prodúcese máis que nada, cando se utiliza a pista polideportiva fóra das horas de horario lectivo, incluso algún dos veciños alí pois ten que sufrir as invasións da súa propiedade para recuperar os balóns, e chegou incluso a sufrir ameazas por parte de algúns dos usuarios da pista, que xa... xa non son nenos. Entón claro, o titular de esta infraestrutura é o Concello, e eu creo que o Concello tería que tomar as medidas axeitadas para solucionar este problema, entón a miña pregunta é si ten pensado o goberno levar a cabo algunha medida para solucionar este problema, e en caso de que a resposta sexa afirmativa, cales van a ser estas medidas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois moitas grazas pola pregunta e... bueno, en primeiro lugar nós xa empezamos a tomar medidas, o veciño veu falar comigo, no seu momento, e... eu comprometinme a tomar algunha medida ao respecto, é certo que a valla... a valla perimetral que cubre a pista polideportiva en Franza, do colexio, estaba rota, en varias... en varias... bueno, en varias ocasións, foise repoñendo na medida que foi posible. Repúxose fai pouco, pero é verdade que aínda así a xente que vai xogar alí, é verdade que é de certa idade, xa non son chiquillos, saltan, e obviamente, saltan na propiedade, entran de forma ilícita, e polo tanto a policía está a facer unha vixilancia moito máis intensa dende entón, para intentar que no colexio non haxa eses usos indebidos, porque está cerrado, obviamente, ninguén pode entrar nun peche do colexio, por moi público que sexa, e obviamente pois, intentaremos tamén, na medida que podamos facer unha sinalización, de prohibir obviamente, o que xa está prohibido, que é entrar na pista polideportiva, xa a modo informativo, porque é evidente que ninguén que ten un peche se lle ocorre saltar, porque é obvio que non está aberta ao público, en... entón na medida do posible pois, que a policía faga unha vixilancia respecto de iso, pero insisto en unha cuestión, e é que temos os policías que temos, e temos as circunstancias da policía que temos, temos unha..., pouca policía, agora deixamos de ter dous auxiliares, temos un policía que vai

empezar unhas vacacións, quero dicir, temos case uns recursos moi baixos para facer unha vixilancia exhaustiva, cos medios que temos, intentaremos e... dar esa solución o máximo posible, e informar obviamente, ás persoas que están xogando alí, que non poden facelo.

Sr. Varela Filgueiras: Si, simplemente unha repreguntiña e é que, pero a pista a día de hoxe está pechada? Porque estivo pechada e volveuse a abrir, non sei se a día de hoxe está pechada.

Sr. Alcalde (que traducido di) Eu creo que estivo pechada, pero a cerradura está forzada, si.

Sr. Varela Filgueiras: A idea do Concello é pechala fora das horas lectivas?

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, como está a de Catro Camiños. Respondinche Gemino?

Sr. Varela Filgueiras: Si, si, si.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois nada, acabado o tema, antes de pasar a rogos e preguntas... perdón, a rogos e preguntas non, antes de acabar a sesión, como a gravación non foi... non se gravou, e eu obviamente, quixera deixar constancia outra vez do agradecemento aos auxiliares de Policía Local, obviamente aos dous, a Alberto e a Yeray, e... polo servizo que prestaron durante estes momentos e tamén a secretaria, a Marta, por habernos auxiliado nestes momentos. Sen outra cuestión, levántase a sesión.

E sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretaria, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE